



# CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

## ANUNCIO

### **ACTUALIZACIÓN BOLSA DE EMPREGO POSTO TRABALLADOR/A SOCIAL**

Por Resolución desta Alcaldía nº 448/2023 de data 15 de novembro de 2023 aprobouse a 6ª Actualización da Bolsa de emprego para posibles provisións temporais de funcionarios/as interinos/as na categoría de Traballador/a Social .

Dando cumprimento á citada Resolución procédese á publicación íntegra da mesma para xeral coñecemento.

Monfero, 15 de novembro de 2023. O ALCALDE Andrés Feal Varela

#### **“RESOLUCIÓN**

**ASUNTO: 6ª ACTUALIZACIÓN BOLSA EMPREGO TRABALLADOR/A SOCIAL**  
**EXPEDIENTE: 2023/G003/000465**

#### **ANTECEDENTES:**

Por Resolución desta Alcaldía núm. 264/2022, de data 27 de xullo de 2022, aprobouse a lista de aspirantes (bolsa de emprego) para posibles provisións temporais de funcionarios/as interinos/as na categoría de Traballador/a Social, elaborada con respecto dos principios de transparencia, igualdade, mérito, capacidade, publicidade, liberdade de concorrencia e non discriminación, de conformidade coa proposta do Tribunal cualificador do proceso selectivo, realizada segundo as bases reguladoras da convocatoria para a formación e funcionamento da dita bolsa de emprego para coberturas temporais do posto de Traballador/a Social con funcionarios/as interinos/as, aprobadas por acordo da Xunta de Goberno Local de 5 de xullo de 2022 e publicadas no Taboleiro de Anuncios Electrónico do Concello de Monfero o 5 de xullo de 2022, e a convocatoria no BOP nº 127, do 6 de xullo de 2022.

Por Resolución desta Alcaldía núm. 442/2023 de data 10 de novembro de 2023, acordouse actualizar a bolsa de emprego para posibles provisións temporais de persoal funcionario interino, na categoría de Traballador Social, aprobada por decreto desta Alcaldía núm. 264/2022, de 27 de xullo, tendo en conta as modificacións producidas na citada bolsa aprobadas polas Resolucións desta Alcaldía con números 270/2022, 271/2022, 272/2022 e 273/2022, todas de data 29 de xullo de 2022, e a número 431/2022 de data 23 de novembro de 2022.

Logo de ver o escrito presentado polo aspirante que responde ás iniciais C.G.,O. En data 15 de novembro de 2023, con número de rexistro 202399900000553, no que manifesta que, despois de recibir chamamento por parte deste Concello de Monfero, para ocupar unha praza de Traballador Social no citado Concello, renuncia a ocupar o posto, e considerando o indicado na base 13 de la convocatoria, que literalmente di:

*Se calquera dos integrantes da listaxe renunciase a formar parte dela, ou unha vez nomeado renunciase, fose separado do servizo por razón disciplinaria ou por despedimento declarado procedente, será excluído da Bolsa*

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



## CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local e de acordo coas bases reguladoras da convocatoria e funcionamento desta bolsa de emprego, **RESOLVO**:

Primeiro.- Aceptar a renuncia voluntaria do aspirante que responde ás iniciais C.G.,O e excluílo da bolsa de emprego para posibles provisións temporais de persoal funcionario interino, na categoría de Traballador Social, aprobada por decreto desta Alcaldía núm. 264/2022, de 27 de xullo de 2022.

Segundo.- Actualizar a bolsa de emprego para posibles provisións temporais de persoal funcionario interino, na categoría de Traballador Social, aprobada por decreto desta Alcaldía núm. 264/2022, de 27 de xullo, de acordo ao seguinte:

NUM. ORDE	ASPIRANTE
1.	M.L., P.
2.	L.V., L.
3.	P.P., A.
4.	G.R., I.

Segundo.- Facer pública a presente resolución, mediante a súa inserción no taboleiro de Anuncios electrónico do Concello, para os efectos de notificación a todas as persoas participantes e os demais interesados.

Terceiro.- Contra este acordo, poderá facer uso da vía impugnatoria que consideren oportuna, conforme ao disposto nas bases reguladoras da convocatoria e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo das administracións públicas e demais normativa de aplicación.

Monfero, 15 de novembro de 2023  
O Alcalde,

Andrés Feal Varela